

Elba Pedrosa: "Quero que o poema inspire vida; aínda que a vida é un camiño cheo de dúbidas, sempre hai luz"

Elba Pedrosa (Santa Cruz de Tenerife, 1973) vén de recibir o Premio aRi[t]mar á Mellor Poesía do ano na Galiza polo poema *Onde imos agora*, unha peza que xorde da dor e da incerteza para convidar á reflexión. A autora reivindica a palabra "como luz" e celebra este recoñecemento como unha ponte entre a poesía galega e a portuguesa.

Sergio Casal 03/nov./25

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/elba-pedrosa/20251103212726238585.html>

—Que sentiu ao recibir este Premio aRi[t]mar por *Onde imos agora*?

A verdade é que moita emoción de chegar a tanta xente. Este é un premio inesperado, porque primeiro hai unha escolma de tres finalistas e despois está a votación do público. Temos procesos creativos moi senlleiros, o que fai que en ocasións esteamos afastados do público. Por iso, compartir as nosas obras con todas e todos e ver que as súas impresións implicaron elixir esta obra como a mellor de Galiza no ano... Non podo estar máis satisfeita. Tamén o feito de que sexa un premio que nos achega á cultura portuguesa. Poder compartilo coas súas xentes é maravilloso por todas as conexións que temos entre ambos os pobos. Todas estas iniciativas que nos unen son do mellor que nos pode pasar.

—*Onde imos agora* transmite violencia, incerteza e futuros truncados. De onde nace?

Foi parte dun poemario completo, que é *Des a mar* e que fala do proceso do desamor. Parte dunha experiencia persoal pero que é unha experiencia compartida con moitísimas persoas. O poemario está dividido nas partes do proceso do desamor: primeiro é máis escuro e despois veñen a esperanza e a luz. Entón, *Onde imos agora* fai esa análise crítica da situación á que chegamos de modo recorrente as persoas: nas guerras, rematando coa vida nos bosques, coa ledicia, eses valados solleiros do Mosteiro de Oia onde morreron tantas persoas... E, aínda así, non aprendemos.

Por iso o poema fai esa reflexión: onde queremos ir? Convido a xente a que pense nisto. Despois chega un divorcio, unha separación, e seguimos matando as almas das persoas coa violencia psicolóxica, e aí é onde penso que está o inicio de toda a violencia.

—Se tivese que vincular *Onde imos agora* cunha emoción, cal sería?

Diría que desacougo. Desacougo e incerteza por non saber onde ir.

—E o poema inspira máis morte ou máis vida?

O meu desexo é que o poema inspire vida, porque aínda que a vida é un camiño cheo de dúbidas e de preguntas, sempre hai luz. Isto é importante transmitilo: sempre hai luz. Eu mesma pasei por un proceso de violencia psicolóxica e de violencia vicaria e aínda nos peores momentos, nos máis duros, cando non quedan folgos, si que se sae de aí.

Quero transmitir esa mensaxe ás mulleres que están nesas situacións de violencia. É moi importante destacar a idea de que a violencia de xénero comeza coa violencia psicolóxica. O que pasa é que a que está visibilizada é a do maltrato físico. É moi difícil demostrar nun xulgado e na sociedade a violencia psicolóxica; daquela queda moi oculta. Se as medidas que se tomasen comezasen por garantir a saúde mental, cambiarían moito as cousas.

—Como ve a relación entre a poesía galega e a portuguesa?

Esta é a gala de aRi[t]mar número dez e hai unha inmensa irmandade de disciplinas artísticas entre os dous pobos. É importantísimo ter este tipo de premios e de xuntanzas que permiten divulgar as nosas culturas e conectarnos. Sería marabilloso celebrar esta gala tamén en Portugal. Estase a traballar moi ben e hai que seguilo facendo.